

Exercicios

1. Cal adoita ser o medio de transmisión na topoloxía cableada en estrela?
2. De que tipo de cable son os estándares OM5 e OS2?
3. Como se chama a estrutura central dun cable de fibra óptica pola que se transmiten os feixes de luz?
4. Que topoloxía interconecta un a un os equipos de maneira que é cara de implementar pero achega grande fiabilidade?
5. Como se chama o condutor de cobre do cable coaxial?
6. Que estándar establece as categorías de cable segundo a súa capacidade de transmisión?
7. O cable U/UTP presenta algún tipo de apantallamento?
8. De que cores son os cables que compoñen os pares do par trenzado?
9. Os distintos elementos da rede poden comunicarse mediante que tres medios?
10. Que tipo de diagrama de representación de topoloxías se emprega para identificar portos, direccionamentos e protocolos de cada un dos dispositivos?
11. Que tipo de rede segundo o seu tamaño emprega tecnoloxías sen fíos como Bluetooth e NFC?
12. Que nodo da topoloxía en estrela é o máis crítico ante un fallo?
13. Cal é a topoloxía cableada representada na imaxe?
14. Que topoloxía cableada se considera unha mestura entre as topoloxías de estrela e anel?
15. Indica que terminación (ou código de cores) debemos incluír nun conector regulado pola norma TIA/EIA-568-B con terminación T568B.
16. Indica as partes do cable coaxial.
17. Que tipos de cables son os denominados RG-213 e RG-11?
18. Que dous tipos de fibra podemos atopar e en función de que se clasifican?
19. Cal é o estándar de cable de fibra óptica que é capaz de cubrir máis quilómetros?
20. Como se comunican os medios sen fíos?
21. A que familia de estándares pertencen os estándares 802.11ac, 802.11ad, 802.11af, 802.11ax?
22. O estándar sen fíos 5G, para que tipo de rede está destinado?
23. Cales son as principais características do estándar 5G?
24. Que é o distribuidor de edificio e para que se utiliza?
25. Que elementos compoñen a infraestrutura nos edificios?
26. En que consiste a tecnoloxía FTTH empregada polo provedor de servizos de Internet?
27. En que consiste a tecnoloxía HFC empregada polo provedor de servizos de Internet?
28. Cales son as principais vantaxes da fibra óptica como medio de transmisión?
29. Cal é o principal inconveniente da familia de estándares WiFi?
30. Indica polo menos catro conectores de fibra óptica.
31. Indica polo menos catro conectores de cable coaxial.
32. Indica polo menos catro tipos de cable coaxial.
33. Completa a seguinte táboa sobre a capacidade dos estándares:
Categoría
Categoría 5
Categoría 5e
Categoría 6
Categoría 6a
Categoría 7
Categoría 7a
Categoría 8
34. Que son as bandas ISM?
35. Identifica os seguintes tipos de conectores de fibra óptica:
36. Indica os estándares de Bluetooth, WiFi e WiMAX.
37. Indica as vantaxes e inconvenientes do cable de par trenzado e o cable coaxial.

38. Explica que topoloxía utilizar nun só edificio de varias plantas e que elementos a compoñen.
39. Indica como deben estar colocados os fíos do par trenzado para crear un cable cruzado.
40. Asocia cada tipo de cable co apantallamento no par e no cable correspondente.
41. Que tipo de cable de par trenzado non emprega apantallamento no cable e pantalla de aluminio nos pares?
42. Que tipo de cable de par trenzado emprega malla de aluminio no cable e non presenta apantallamento nos pares?
43. Explica e detalla as características da topoloxía cableada en estrela.
44. Explica os tipos de redes segundo a súa relación funcional.